



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

Nos últimos meses estamos vendo diferentes comunicados de Alternativa Sindical, que o único que busca desde a súa aparición é a confrontación, pero non coa empresa, non!!, senón entre os traballadores/as nos servizos e no seo do Comité de Empresa. **Srs, de AS, estas non son nin as formas nin os inimigos, a empresa con isto está gozando, xa que mentres vos dedicades a isto, non se está ao que se debe estar, que non é outra cousa que defendendo os intereses dos traballadores/as, vos saberedes o que facedes.**

A empresa despide por certo, a dous compañeiros por unha sentenza do Tribunal Supremo do despedimento do ERE, e vos queimades a pólvora contra os compañeiros/as do comité, en lugar de procurar facer un fronte común, "os equivocades de inimigo, outra vez", **por certo, outros compañeiros na mesma situación que os despedidos agora seguen a traballar, como Manuel Lomba, mellor asesorado?, ao mellor debedes perder o tempo e pensar o por qué, disto?.** Ao mellor é pola capacidade, eficacia, peso e respecto sindical de uns fronte a outros. **Se despide a un mando intermedio, despiden ao comercial e se realiza unha subrogación do CHUVI, con bastantes claro-escuros e disto non falades "outra equivocación mais, isto non vos preocupa".** Pola que a **CIG** respecta, **estamos a facer xestións para ver si se poden reconducir certas decisións tomadas pola empresa.**

Dende a CIG non queríamos entrar nestas batallas, xa que para nos o importante é defender os intereses dos traballadores/as como vimos facendo dende hai anos, dende a honestidade, honradez e ética que está mais que demostrada. **Pensade coa cabeza se sodes capaces, e en lugar mentir, descualificar e difamar, aos compañeiros/as do comité de empresa:** que, non é verdade que teñan a conciliación familiar, que, a empresa lle paga a outro por non ir a traballar, e cando vai, só traballa luns e martes, non hai peor mentira que as medias verdades. **O primeiro ten a conciliación familiar aceptada pola empresa dende xuño de 2015 e o segundo ten unha excedencia forzosa de media xornada (por certo non pagada pola empresa como din algúns), con reserva de posto de traballo como indica a lei, (nun servizo de 24 horas), pero que temporalmente está nun servizo que se presta de mañá e tarde en días laborais, por non ter a empresa vacante nun servizo de 24 horas, e o cuadrante dese servizo o fai a empresa estando todos os traballadores de acordo e aprobado polo Comité de empresa. (Axuntase a concesión por lei das dúas solicitudes)**

A crítica si se fai de xeito construtivo enriquece as propostas, pero a imposición non leva a nada. **Srs. de AS, non vale todo, a mentira e o engano ten as patas moi cortas, non se pode estar instaurado no rancor e na calumnia indefinidamente, así tan só hai un vencedor, A EMPRESA.** En lugar diso, debater, confrontar ideas e traballar cos demais membros do Comité, para levar adiante propostas construtivas, que defendan os intereses daqueles que confiaron en nos para representalos, e mellorar as súas condicións laborais.

Dende a CIG, agardamos que esta sexa a última vez que contestemos as vosas mentiras, inxurias e calumnias, porque temos mais o que facer, e se queredes traballar para mellorar as condicións dos compañeiros/as, aí nos ides a atopar tanto vos como quen queira



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVIZOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

compartir este obxectivo e como algúns viñemos traballando ate o e agora, doutro xeito non contedes con nós.

Con respecto as propostas de composición do Comité de Empresa e do Regulamento do mesmo:

- Na primeira reunión celebrada o 16 de xuño, a CIG e UGT fixemos dúas propostas diferentes, e AS non votou en contra das dúas manifestando que, como xa tiña tido contacto con UGT agora quería falar coa CIG. Dende a CIG lles dixemos que falabamos con todos aqueles que quixeran falar con nos, independentemente que chegamos a acordos ou non, por iso falamos con UGT cando nos chamou.

O que nun principio dixera AS que, apoiarían aos que asumiran os puntos que eles propuñan quedou noutra mentira, nesa reunión os representantes de AS pretendían que a presidencia fose compartida 2 anos CIG e 2 anos AS, ao que dende a CIG lle dixemos que non. A CIG, lles fixo a seguinte proposta: presidencia CIG, secretaría UGT e un delegado de prevención para cada sindicato, en caso de que UGT non aceptara a secretaria, a CIG estaba en disposición de asumila, entón AS preguntou se estabamos en disposición de dar a secretaría para eles, ao que se lles dixo que, esta podería ser unha terceira opción, pero que a tiñamos que someter isto, a asemblea de afiliados/as. Nesa mesma reunión AS, pon como condición, que a CIG tiña que asinar un acordo entre as partes coas súas condicións, ao que dende a CIG lles dixemos que de ningunha maneira, que non íamos aceptar chantaxes nin imposicións de ninguén, que fixeran as súas propostas dentro do Regulamento do Comité, e se tiñan cabida no mesmo, non tiñamos ningún problema en asinalo e rexistralo na OPR, para que este quedase oficializado e fose de obrigado cumprimento para todas as partes. Tamén se lles explicou e demostrou alí mesmo, que moitas das súas propostas xa estaban incluídas no Regulamento que presentaba a CIG, ó que eles mesmos entenderon así era, pero que aínda así, estabamos dispostos a aceptar aquelas que non estivesen e tiveran cabida no mesmo.

- Antes da segunda reunión AS nos envía por mail, as súas propostas dentro do Regulamento presentado pola CIG, o cal modificaba substancialmente o presentado e incluso facían propostas novas, polo cal intentamos dende CIG manter unha reunión antes desta reunión, ao cal AS non accedeu, dicindo que se non aceptabamos as súas proposta pois non habería mais que falar. Dende CIG, xa lles manifestamos que no íamos a aceptar imposición nin chantaxes, e isto é o que eles pretenden.
- Así chegamos a segunda reunión celebrada o 30 de xuño, e a CIG e UGT fixemos as mesmas propostas que na primeira reunión, e AS votou en contra das dúas, non facendo ningunha proposta, poñendo de manifesto que non só non teñen alternativas, senón que están dispostos a entorpecer o traballo dos demais, só polo seu propio beneficio, non pensando nos mais importantes que son os traballadores/as que todos representamos, a correlación de forzas é a que é, e debemos estar a altura para representalos a todos/as. Por iso, dende a CIG fixemos o esforzo de presentar un Regulamento de Comité que



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

puidera ser compartido por todas as partes, e CIG e UGT así o entendemos. Nesa mesma reunión manifestamos que se poderían incorporar propostas nese Regulamento para que todos nos sentiramos cómodos, pero non se fixo ningunha proposta de engadega mais ao respecto, e aprobouse o Regulamento presentado pola CIG, mesmo coa condición de poder modificalo unha vez asinado e rexistrado, xa que debe ser un documento vivo, e poder adecualo se o considerabamos todos/as, para o mellor funcionamento do Comité. Tanto CIG como UGT, manifestamos nesa reunión que o Regulamento presentado por AS, non respondía as necesidades reais dun comité e unha empresa como esta.

Agora pasamos a expoñer esas condicións que AS, di que a CIG non aceptou no Regulamento do Comité, e que se lle quixo explicar nesa reunión a que non quixo acudir, pero antes nos asombra a capacidade de manipulación desta xente, e que son capaces de crese as súas propias mentiras, porque non aceptan o Regulamento presentado pola CIG que incluía varias das súas propostas, **pero presentan un Regulamento que non ten nin a primeira desas condicións que queren impoñer aos demais:**

1. O artigo 5 Organización, é o punto onde se establecen os órganos colexiados con que conta o Comité de empresa, na proposta da CIG se crean tres destes órganos O Pleno, o Comité de Prevención e a Comisión do Calendario Laboral, como todo órgano colexiado só poden pertencer os membros elixidos en sufraxio activo nunhas elección, porque son os representantes legais dos traballadores/as, AS pretende que na comisión poidan acudir persoas distintas aos elixidos nunhas eleccións, pois ben non se dan conta que estes non son representantes legais dos traballadores e que os acordos que adopten poden ser impugnados por calquera por unha cuestión legal.
2. No artigo 5 propoñen algo novo do que nunca falaran antes: *“El Pleno podrá constituir Comisiones de Trabajo, con carácter temporal, atendiendo al volumen y a la importancia del tema, objeto de estudio. Así mismo se podrán establecer Comisiones de Trabajo permanentes sobre temas que el pleno del comité establezca que por su importancia o continuidad en el tiempo se estimen necesarias”*. Non se pode poner neste artigo, porque isto non é un órgano colexiado do comité, terá que ir no artigo 6 dentro das funcións do pleno e xa está no mesmo na proposta da CIG pero moi mellorado: **“O Pleno poderá tomar acordos e medidas para a súa execución sobre calquera tipo de materia, salvo que, por disposición legal, non proceda. O Pleno é o órgano soberano do Comité de Empresa. Os seus acordos prevalecen sobre os de calquera outro órgano. Os acordos posteriores derrogan ós anteriores no tempo”**.
3. No artigo 6 Funcións do Pleno, propoñen engadir o seguinte: *“Podrán asistir igualmente cualquier trabajador, con voz pero sin voto, que lo solicite cuando se trate alguna cuestión que le afecte directamente en su centro de trabajo, para aportar lo que considere necesario. Los trabajadores tendrán que solicitarlo previamente a cualquier Delegado para que este lo traslade al Presidente o Secretario del Comité, para incluirlo en el Orden del Día de la reunión”*. Esta non é unha función do Pleno e non pode ir nese artigo, está incluída no artigo 10 da proposta da CIG Da Relación do Comité cos



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

Traballadores no punto 10.2 Iniciativas: ***“Os traballadores poderán someter á consideración do Comité de Empresa calquera iniciativa encamiñada a mellorar as súas condicións de traballo, a xestión dos asuntos sociais ou sobre calquera outra materia sobre a que o Comité de Empresa teña competencia. O procedemento a seguir será o mesmo que o establecido para as reclamacións.”***

4. No artigo 6 punto 3 Funcións do Secretario engaden o seguinte: ***“j) Solicitar y recibir de la Empresa la información necesaria para el trabajo de los Delegados. Deberá remitir copia de dicha información a los Sindicatos con presencia en el Comité en un plazo no superior a veinticuatro horas.”*** Esta é unha función que na proposta de AS está como unha das funcións do Presidente, e na da CIG pretenden que sexa do Secretario, por iso no se aceptou.
5. No artigo 7, propoñen que se engada, o seguinte: ***Os membros do Comité de Empresa, ademais dos garantidos pola lexislación vixente “artículo 64 do ET en su redacción dada por la Ley 38/2007”.*** Isto non se aceptou por que consideramos que como está na proposta xa está incluído se están garantidos pola lexislación vixente omitindo o artigo non corremos o risco que se faga unha modificación posterior e se cambie o número do artigo e isto xa non valería, **poñendo a lexislación vixente xa inclúe toda a normativa legal ao respecto.**
6. No artigo 9 Reunións do Comité de Empresa, proponen o seguinte: ***“Las reuniones del Comité que solo sean de las/os Delegadas/os y asesores, sin la empresa, levantándose acta de la reunión y firmándola el mismo día, reflejando las cuestiones tratadas por todas las partes y los acuerdos tomados por los Delegados, para mayor claridad de los trabajadores. A las mismas podrán asistir trabajadores cuando lo consideren necesario para tratar o informar cuestiones que les afecten a sus centros de trabajo.”*** Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 9: ***“Os membros do Comité reuniranse como mínimo cinco días antes de celebrarse as reunións ordinarias e extraordinarias, para tratar os temas a levar a ditas reunións e consensuar a Orde do Día.”*** E se amplía logo no 10.2 : ***“Os traballadores poderán someter á consideración do Comité de Empresa calquera iniciativa encamiñada a mellorar as súas condicións de traballo, a xestión dos asuntos sociais ou sobre calquera outra materia sobre a que o Comité de Empresa teña competencia”.*** E no artigo 9.1: ***“As actas serán publicadas, para coñecemento xeral de tódolos traballadores, no taboleiro da delegación da empresa, así como nos taboleiros de anuncios dos distintos centros de traballo. Deberán realizarse no mesmo momento da reunión para asinarse nese mesmo acto.”***
7. No artigo 9 Reunións do Comité de Empresa, propoñen o seguinte: ***“El Comité se levantando acta de lo que se acuerde con esta, plazos para resolución de cuestiones planteadas, etc.”*** Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 10.1:



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

“O Comité reunirá con la empresa y trasladará lo acordado en las reuniones, de Empresa, a través dos seus órganos, levará a cabo as actuacións tendentes ó restablecemento dos dereitos lesionados, notificándose ós reclamantes as xestións realizadas, así como o seu resultado, sinalándose as actuacións que procedan no caso de persistir a situación de lesividade para os traballadores.”

8. No artigo 9.1 Reunións do Comité de Empresa, propoñen o seguinte: **“Los incumplimientos de acuerdos, normativa laboral, reclamaciones, etc. por parte de la empresa, se trasladarán al Comité, y este como órgano colegiado si lo acuerda por mayoría, efectuara la denuncia correspondiente, firmándola un representante de cada sindicato que lo represente.”** Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 9.1: **“No caso de incumplimento dos acordos acadados, o Presidente do Comité queda facultado para elevar denuncia ante as autoridades laborais en representación deste órganos, previa notificación a todos/os membros.”** Temos que recordarlles que é o Presidente ou persoa en quen delegue, o que ten a máxima representación do Comité de Empresa. No artigo 10 Das Relacións do Comité cos Traballadores, punto 1 Reclamacións, proponen o seguinte: **“Todas las reclamaciones que realicen los trabajadores al Comité serán registradas y tratadas en reuniones del Comité, contestándolas en la correspondiente acta o emitiendo informe para que el trabajador puede ejercer las acciones que considere necesarias.”** Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), na integridade do artigo 1.1: **“Calquera traballador ou grupo de traballadores que consideren lesionados os seus dereitos ou detecten unha situación de inxustiza social, poderán poñelo en coñecemento do Comité de empresa, por escrito, a través de calquera dos seus membros. A tal efecto o Secretario do Comité de Empresa levará un rexistro no que constarán nome e apelidos dos reclamantes, centro de traballo, data de entrada, contido da reclamación, xestións efectuadas e resultado das mesmas. Tódalas reclamacións deberán ser postas en coñecemento do Presidente ou Secretario para o seu traslado ó órgano correspondente. O Comité de Empresa, a través dos seus órganos, levará a cabo as actuacións tendentes ó restablecemento dos dereitos lesionados, notificándose ós reclamantes as xestións realizadas, así como o seu resultado, sinalándose as actuacións que procedan no caso de persistir a situación de lesividade para os traballadores.”**
9. No artigo 11 Das Relacións do Comité coa Empresa, propoñen o seguinte: **“Todas las reuniones que la empresa quiera realizar con trabajadores de un centro de trabajo, tendrán que ser informados previamente los representantes de cada sindicato del Comité para que puedan asistir a esas reuniones y garantizar su representación, levantándose acta de lo informado o acordado en las mismas.”** Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 11: **“As reunións que convoque a empresa cos traballadores/as deberán ser notificadas ao Comité de empresa, para que este presente unha delegación do mesmo.”**



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

10. No artigo 11 Das Relacións do Comité coa Empresa, propoñen o seguinte: *“El nuevo Comité tendrá que reflejar en un acta las normas y/o acuerdos que hay vigentes con la empresa en materia de vacaciones, cuadrantes y cambios de servicios, para conocimiento público de todos los trabajadores y que el Comité tiene que respetar y hacer respetar desde su inicio.”* Isto non se aceptou por que pretender isto non está na man do comité, **por incurrir en posible vulneración da lei de Protección de Datos (LOPD). Os que coñecemos xa se están a respetar** (non está na proposta de Regulamento de AS),
11. No artigo 11 Das Relacións do Comité coa Empresa, propoñen o seguinte: *“El Comité tiene que exigir a la empresa que en los meses de diciembre se les entregue todos los calendarios laborales del año siguiente y como indica la ley, con sus turnos de trabajo, días de descanso y vacaciones, sin excusas para no dilatar en el tiempo esas entregas.”* Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 5 punto 3: **“A Comisión do Calendario Laboral (cuadrantes anuais), estará composta un máximo de 6 membros pola parte sindical (2 por cada sindicato), que serán membros do Comité de Empresa. A empresa designará os/as membros que considere axeitados (2 membros). Dita comisión será a encargada de velar polo cumprimento dos cuadrantes, e que se publiquen en decembro do ano anterior para o seguinte.”**
12. No artigo 11 Das Relacións do Comité coa Empresa, propoñen o seguinte: *“Al finalizar cada mes, el Comité tendrá que exigir una copia de todos los cuadrantes individuales de todos los trabajadores para su conocimiento de la situación de la operativa en los turnos, de todos los meses.”* Isto non se aceptou por que xa está incluída na proposta Regulamento da CIG, (non está na proposta de Regulamento de AS), no artigo 12 Entrega de Documentación: **“A documentación que sexa entregada pola empresa ao Presidente do Comité ou ao Secretario (copias básicas dos contratos, horas do persoal, cadrantes dos servicios, etc), deberá facilitárselle copia de tódolos documentos a/os sindicato/s que teñan representación no Comité de Empresa nun prazo non superior a 48 horas despois da entrega dos mesmos por parte da empresa o Comité. Para elo tanto o Presidente como o Secretario poderá deixar no local da empresa nun sobre pechado a documentación antes mencionada a nome do sindicato correspondente.”**

Como ben podedes comprobar, con esta minuciosa explicación, todo o que se está a dicir polos servizos, **está sendo manipulado con medias verdades**, polo novo sindicalismo formado polos de sempre, que cambian de chaqueta en base aos seus intereses. **Dende a CIG, agardamos a que se traballe con responsabilidade**, non terxiversando a información e pedimos seriedade, non creando confrontacións nos servizos por pertencer a un ou outro sindicato, e que aínda, tendo as nosas diferenzas que as hai, e son evidentes, saibamos separar isto do realmente importante, que é a defensa dos intereses dos traballadores/as. **Con boa vontade, sempre se poden encontrar puntos de encontro**, e ate ao de agora fomos capaces disto, e agora mais ca nunca debemos esforzarnos na procura de consensos e non de rivalidades e diferenzas, que non levan a nada, mais que o beneficio da Empresa.